

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 4 DE FEBREIRO DE 2025-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 4 de febreiro de dous mil vinte e cinco ; as nove horas e cincuenta minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez, dona Regina Bahamonde Garcia.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.
Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 21 de xaneiro de 2025.

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 900 /2023 RIB / S/ 55.4/23

Vista a solicitude formulada por ABEL MARES GONZÁLEZ en representación de BORJA ANTONIO LORENZO GONZÁLEZ

Consta no expediente:

- **“Proxecto Básico e de Execución. Reforma e ampliación de vivenda”**, con data de visado de 10 de decembro de 2024 visado nº 2406320 polo COAG, asinado polos arquitectos D. Roberto Rodríguez Martínez, colexiado nº 1.053 no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e D. Abel Mares González, colexiado nº 4.573 no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

:

- **Oficio de Dirección de Obra**, noméase a Abel Mares González, arquitecto colexiado nº 4.573 no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
- **Nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde e Dirección de execución de obra** ao arquitecto técnico Miguel González Dasilva, visado VN25000044 polo Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de Ourense.

-Aprobación da comisión de seguimento do PEPRI de 22 de setembro de 2023.

- **O expediente conta con: “Expediente de autorización para la reforma de una vivienda unifamiliar situada en la parcela con referencia catastral 0927605NG7802N0001AB en zona de policía de la margen izquierda del río Avia, en el término municipal de Ribadavia (Ourense) da Confederación Hidrográfica Miño Sil**

-Informe favorable da señora Arquitecta Municipal dona Begoña Arregui Rodríguez de 4/2/2025.

-Informe do Secretario municipal de 4/2/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda :

Conceder licenza de obras para a execución das obras contempladas no

“Proxecto Básico e de Execución. Reforma e ampliación de vivenda”, con data de visado de 10 de decembro de 2024 nº 2406320 polo COAG, asinado polos arquitectos D. Roberto Rodríguez Martínez, colexiado nº 1.053 no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e D. Abel Mares González, colexiado nº 4.573 no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia., en rúa San Francisco 31, parcela catastral 0927605NG7802S

1 Condicións particulares:

Estarase ao disposto no informe da empresa concesionaria dos servizos Aqualia na execución das obras de conexión coas redes municipais de saneamento, de recollida de augas pluviais e de abastecemento de auga:

“A rede de abastecemento compóñese dunha conducción de fibrocemento de diámetro 60 mm.; que transcorre

pola metade da beirarrúa a unha distancia de 1 m. da fachada leste do nº 31 da rúa San Francisco e a uns 80 cm. de profundidade.

As acometidas de abastecemento realizaranse mediante collarín de fundición para tubaría de 60 saída ½”, tubaría de PEAD de 25 mm. e empregando todo o material de conexión de latón. Se disporá de unha válvula de ½” con accionamento mediante

*No que se refire á rede de saneamento, e debido a que cuadradillo, aloxada en arqueta con tapa de fundición (30*30 cm. mínimo) no entronque coa propiedade privada. A execución da acometida realizarase mediante procedemento de toma de carga. a cota da parcela é inferior á do colector que transcorre por rúa San Francisco, a conexión de saneamento deberá facerse pola fachada oeste. O colector esta composto por tubaría de cemento de diámetro 400 mm. que transcorre polo medio da rúa que discorre ao carón do río Avia no límite oeste da propiedade, en torno aos 150 cm de profundidade.*

A acometida de saneamento realizarase mediante unha tubaría de PVC 160 mm. e o entronque da mesma mediante pozo con tapa de fundición 40X40 mm. no límite da fachada.

*Nesta zona non se dispoñe na actualidade de redes separativas, a acometida de pluviais deberá realizarse mediante unha arqueta de 30*30 cm. con tapa de fundición no límite da fachada e unirse á arqueta de saneamento.”*

2.-Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a comprobación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó da notificación.

RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

Condicións particulares

Debe depositar un aval económico por importe de 902,82 euros coa finalidade de garantir o correcto estado do vial público unha vez rematadas as obras de conexión coas redes de saneamento e de abastecemento de auga.

3 ESCRITOS DOS SEÑORES CIADANS.-

4 CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

APROBACION DE PADRON DO I.V.T.M. -

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente ao exercicio 2025 por importe de 224.376,27 euros. Do mesmo modo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ao presente exercicio económico entre o 20 de Febreiro e o 20 de Abril de 2025

OBRA DE HUMANIZACION DE SENDA EN PREXIGUEIRO.

Visto o proxecto de Obra de humanizacion de senda de Prexigueiro (Ribadavia-Ourense)

A xunta de goberno local, por unanimidade, acorda:

Que as obras proxectadas son conformes coa normativa urbanística e sectorial estando en tramitación as autorizacións sectoriais seguintes: Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude; Dirección Xeral de Patrimonio Natural; Axencia Galega de Infraestruturas; Administrador de Infraestruturas Ferroviarias.

Poñer a disposición da Deputación Provincial de Ourense os terreos e bens inmobles necesarios para levar a cabo a actuación prevista.

Compromiso do concello de asumir as indemnizacións que puidieran corresponder aos contratistas das obras no caso de que estas non puidesen ser iniciadas ou continuadas por inadecuación dos terreos postos a disposición da Deputación ou obtención das autorizacións pertinentes para a súa execución.

Declarar que a obra de humanización da senda de Prexigueiro (Ribadavia-Ourense) , orzamento, IVE engadido 48.000 ,00 euros, é unha obra completa de fase única , susceptible de ser entregada ao uso xeral ou servizo correspondente., que non ten sido fraccionado o obxecto do contrato coa finalidade de disminuir a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.

BASES DO CONCELLO DE RIBADAVIA PARA A “AXUDA DEREITOS SOCIAIS”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba as bases das axudas sociais coa seguinte redacción:

A. Obxecto da axuda

A axuda económica será periódica durante os meses de xaneiro a decembro de 2025, co obxectivo de complementar os recursos e prestacións para a cobertura das necesidades básicas de alimentación, hixiene, farmacia, vestimenta, así como gastos de pago de aluguer, hipoteca e pago de suministros (luz, gasoil, gas, outros...) da vivenda habitual sita en Ribadavia.

B. Requisitos

- Ser maior de 18 anos ou estar emancipado legalmente ou no seu lugar ter iniciado o trámite legal de emancipación.
- Estar empadroado/a no Concello de Ribadavia na data de solicitude, e manterse como mínimo ata 31 de decembro de 2025.
- Que o cómputo total dos ingresos da unidade familiar, contabilizando as pagas extras, non superen o limiar segundo a táboa:

Baremo de Ingresos:

Familia de 1 membro: 115% do IPREM* 690€

Familia de 2 membros: 135% do IPREM 810€

Familia de 3 membros: 155% do IPREM 930€

Familia de 4 membros ou máis membros: 165% do IPREM 990€

*A cantidade do IPREM son 600€

- Na aplicación do baremo anterior, non serán deducibles os gastos periódicos (aluguer, hipoteca, pago de suministros como luz, auga, teléfono...).
- Non ter solicitado e/ou concedido ningún membro da unidade familiar a mesma axuda Municipal, nin Axuda de Inclusión Social, Emerxencia municipal, Axuda para o aluguer así como calquera outra axuda para a mesma finalidade, do Concello ou de calquera outra Admon. pública ou entidade privada.
- Realizar os gastos en Establecementos con domicilio social en Ribadavia. Os gastos relacionados co aluguer, hipotecas ou suministros serán en vivendas sitas no Concello de Ribadavia.
- Ter xustificado correctamente calquera axuda municipal desta tipoloxía ou similar, nos anos 2022, 2023 e 2024.
- Non ter débedas adquiridas co Concello de Ribadavia. Se existirán, deberán asinar o pago delegado co Concello ata o saldo da débeda.
- De maneira excepcional, poderanse valorar aquelas solicitudes que non cumpran todo o establecido nos apartados anteriores. Unidades familiares que superen ingresos no trimestre inmediatamente anterior, e/ou unidades familiares que teñan contraídas débedas co Concello de Ribadavia, pero que no mes obxecto de solicitude, se atopen nunha situación sobrevida de carencia total de ingresos.
Neste caso e previo informe favorable de Servizos Sociais que acredite a situación de urxente necesidade, poderase conceder un mes de Axuda de Dereitos Sociais de maneira excepcional, para acceso a cobertura de necesidades básicas. Este mes deberá ser debidamente xustificado, e concederase unha única vez no ano.

C. Documentación a presentar

- Fotocopia DNI / NIE de todos os integrantes da unidade familiar.
- Libro de familia, se procede.
- Certificado de convivencia da unidade familiar.
- No caso de traballar, deberán presentar fotocopia da últimas 3 nóminas ou documento que acredite os ingresos familiares.
- Declaración xurada de ingresos por traballos esporádicos ou temporais.
- Así mesmo presentarán certificado de pensións ou axudas que perciban doutros organismos ou entidades (RISGA, Ingreso Mínimo Vital, pensións non contributivas, prestación por fillo/a cargo...ou pensión de orfandade, xubilación, viuvez...).
- Se a situación é de desemprego, deberán presentar tarxeta do INEM e certificado de estar percibindo ou non prestación económica.

- Certificado do N° de Conta IBAN, onde ingresar o importe da axuda concedida, de ser o caso.
- Sentenza de divorcio/separación, si procede, de percepción ou non de pensión de alimentos ou compensatoria. Nos casos de custodia compartida computaranse os membros menores una soa vez a un/hna dos proxenitores.
- Declaración do IRPF do último ano.

D. Contía das Axudas

O Departamento de Servizos Sociais informará o expediente de concesión da axuda, que constará do ingreso máximo de doce mensualidades co importe seguindo a seguinte táboa,

Baremo de Ingresos Axuda económica:

Familia de 1 membro 50 €/mes

Familia de 2 membros 100 €/mes

Familia de 3 membros 160 €/mes

Familia de 4 membros ou máis 200 €/mes

As solicitudes serán resoltas pola Xunta de Goberno Local ou por Resolución de Alcaldía, tendo en conta os criterios económicos do baremo estipulado no punto B e en base a un Informe Social realizado polos servizos sociais comunitarios básicos do Concello de Ribadavia.

E. O prazo

A presentación das solicitudes poderá ser ata o 19 de decembro de 2025.

F-. Lugar de presentación.

A presentación de solicitudes levarase a cabo no Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia.

As referidas bases deberán expoñerse ao público mediante anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Ribadavia.

G-. Proceso de intervención social e laboral

- Tódalas axudas económicas que outorgue o Concello de Ribadavia estarán necesariamente encadradas nun proceso de intervención social integral que inclúa unha análise completa da situación individual e familiar que pode incluír a realización de accións formativas.
- A necesidade obxecto da axuda será valorada polos profesionais do Dpto. de Servizos Sociais correspondente e integrada nun proxecto de intervención social individual ou familiar.
- As persoas en idade laboral deberán obrigatoriamente asinar un compromiso de inclusión laboral, que contemplará a obrigatoriedade:
 - De acudir ás propostas de emprego que se realicen dende Servizos Sociais, SEPE, Orientación Laboral,..
 - De acudir a accións formación.
- Para a renovación da Axuda cada tres meses (contemplada xa dende o primeiro trimestre), necesitarase acreditar a participación como mínimo nunha acción formativa (con título/certificado xustificativo) e a acreditación da presentación do CV nun mínimo de 4 empresas.
- O incumprimento destas obrigas conlevará a non renovación da axuda no seguinte trimestre, así como a imposibilidade de volver a solicitar a axuda por un período de 6 meses.

H.- Instrución dos expedientes

Os/as traballadores/as sociais do Departamento de Servizos Sociais procederán a valoralo expediente.

- Unha vez recibida a documentación requirirase, se é o caso, ó interesado para que proceda á corrección de erros para a achega da documentación necesaria no prazo de 15 días, comunicándolle que en caso contrario se lle terá por desistido na súa petición, de conformidade co establecido no artigo 94 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, arquivándose o expediente sen máis trámite.
- Os/as traballadores/as sociais que instrúan o expediente poderán dispor que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos achegados polos interesados. Igualmente, poderán requirir a estes as aclaracións por escrito e a documentación necesaria para poder resolver.
- Unha vez completado o expediente, emitírase o correspondente informe social, no que se acredite a necesidade e/ou urxencia da axuda e a proposta favorable ou denegatoria.
- A axuda terá unha periodicidade máxima de 12 meses, tendo un seguimento continuo mentres se perciba a axuda e haberá que presentar cada tres meses

documentación acreditativa de manter os requisitos polos que se concedeu a axuda de tódolos membros da unidade de convivencia.

- A axuda poderá ser concedida ata esgotar o crédito destinado para a mesma.
- A axuda contemplará o carácter retroactivo da mesma, por un período máximo que corresponda ó trimestre inmediatamente anterior xustificado.

I.- Resolución

A resolución correspóndelle a Xunta de Goberno Local ou a unha Resolución da Alcaldía, que deberá producirse no prazo máximo de un mes dende a data de entrada da solicitude no rexistro do Concello de Ribadavia, sempre e cando se dispoña de toda a documentación necesaria e recollida nas bases para a resolución da solicitude no citado prazo.

A resolución deberá especificar:

- a) Se procede ou non a concesión da axuda e motivación desta.
- b) Cuantía da axuda, duración e período de xustificación.
- c) A existencia de crédito suficiente para a atención da solicitude.

K.- Xustificación

- A axuda vai relacionada en base ó pago anticipado dos gastos por parte do beneficiario ata á contía máxima concedida. Nalqueles casos en que proceda realizar o pago delegado á unha empresa ou un/unha propietario/a da vivenda obxeto da axuda, non será preciso pago anticipado porque se entenderá xustificado deste xeito.

- O importe da axuda será ingresado unha vez presentado os tickets ou facturas, cada tres meses. No caso das unidades familiares de 3 ou 4 membros poderase realizar o ingreso cada 2 meses.

- Unha vez realizada correctamente a xustificación, o Concello aboará ó beneficiario a cantidade correspondente ós 3 meses, no prazo máximo de 20 días hábiles.

L.- Obrigacións dos beneficiarios

Os beneficiarios das axudas están obrigados a:

- Comunicar ó Departamento de Servizos Sociais, todas aquelas variacións na súa situación económica e socio familiar, concesión de axudas económicas, que poidan modifica-las circunstancias que motivaron a axuda. No caso de non comunicación destas variacións, a axuda quedará automaticamente extinguida sen posibilidade de prórroga, e non poderán solicitar a axuda ata pasado un mínimo de 6 meses, dende o coñecemento das citadas variacións, por parte do Concello de Ribadavia.
- Reintegra-los importes concedidos, cando non se apliquen para os fin para os que foron concedidos.
- Cumprimento das condicións que figuren no Proxecto de Intervención social e laboral individual/familiar que se realice e firma de autorización do Anexo III.
- Realizar o gasto da axuda concedida nos establecementos do comercio local do Concello de Ribadavia facilitado no listado que se anexará na resolución de concesión da axuda.
- Xustificar o gasto da axuda concedida coa presentación dos tickets, facturas ou recibos correspondentes cada tres meses, dependendo de cando se conceda a axuda.
- Naqueles casos en que proceda deberán facer unha delegación de pago.

M. Incompatibilidades

- As axudas previstas na presente ordenanza serán incompatibles con calquera outra das concedidas por outras administracións públicas polo mesmo ou similar concepto dentro do ano en curso.
- Ter solicitada e concedida Axuda de Inclusión Social da Xunta de Galicia.
- Ter solicitada e concedida Axuda para alugueiro da Xunta de Galicia
- Ter solicitada e concedida a Tarxeta Moedeiro que será financiada polo Ministerio de Dereitos Sociais.
- Ter solicitada e concedida Axuda de emerxencia social municipal.

N.- Revocación ou reintegro da axuda

Poderase esixir o reintegro da axuda concedida:

- Non se realiza a compra nos establecementos locais.
- Non se xustifica documentalmente, cos tickets ou facturas correspondentes.

Anexo I

Establecimientos con domicilio social no Concello de Ribadavia, que venda produtos relacionados co obxecto da axuda alimentación, hixiene, farmacia e vestimenta, que se atopen neste listado:

Panaderías:

- Panadería Camilo
- Panadería Cesar
- Panadería Vienesa
- Panadería Felipe
- Panadería Pirucho

Tendas alimentación retalista:

- Supermercado Torejas
- Tienda de Sampaio
- Ultramarinos Pandeira
- Tienda de Asun
- Carnicería/Tienda Mincho
- Tienda Susa

Farmacias:

- Farmacia Lameiras
- Farmacia García Carrera

Carnicerías:

- Carnicería Rivas
- Carnes do Ribeiro
- Carnicería Rodrigo
- Carnicería Louan

Pescadería:

- Pescadería Vazquez

Froiterías:

- Frutas el murciano
- Frutería Maruja
- Frutería Navila
- Frutería Puri

Hixiene:

- Perfumería Miguelez

Roupa/Calzado:

- Leticia Escudero
- Fuso Moda
- Mercería Lucita
- Zapatería Estilos
- El vestidor de Silvia
- Complementos Rovi
- Zapatería Zoila
- Zapatería Ángeles
- Nube descanso (roupa bebés)
- Mercería Carrera

Aceptarase calquera outro establecemento que se poida crear no Concello de Ribadavia, que teña un cambio de nome, sempre que pertenza ó comercio local.

Listado de alimentos e produtos recomendados que entran na compra destes Establecementos:

- Pescado
- Carne
- Verduras y hortalizas
- Froita fresca
- Ovos
- Lácteos (inclúe leche, iogures y queixo)
- Pasta, arroz y patacas
- Pan (fresco, tostado y de molde)
- Empanada
- Legumes (lentellas, garbanzos...)
- Aceite de xirasol e de oliva
- Galletas ou cereais de almorzo
- Café, Cacao, infusiones
- Conservas (atún, sardiñas, millo...)
- Salsa de tomate frito
- Produtos de farmacia

- Zapatos
- Roupa (chaquetas, camisetas, pantalóns...)
- Produtos de hixiene domésticos e persoal

Anexo II

Don/a _____ con DNI _____
endereço _____ teléfono _____

En caso de resultar beneficiario/a da Axuda de Dereitos Sociais 2025 do Concello de Ribadavia,

COMPROMÉTESE A:

1. **Comunicar calquera variación da unidade familiar**, no prazo de 5 días, relativas a: alta ou baixa no padrón municipal, incorporación ó mercado laboral, ingresos (concesión de calquera prestación, pensión de alimentos, etc.).
2. **Aceptar a incorporación a un Programa de Inclusión sociolaboral e emprego** de tódolos membros en idade laboral da unidade familiar, conforme o ANEXO III.
3. **Tódolos membros en idade laboral, deberán acreditar unha búsqueda activa de emprego (BAE)**, co fin de optar á renovación da axuda con carácter trimestral. Esta BAE contemplará a entrega de CV nun mínimo de 4 empresas, a realización dun mínimo dunha acción formativa, debidamente acreditada co correspondente certificado. Así como a obriga de acudir a tódalas propostas/ofertas de emprego que se realicen dende o Departamento de Servizos Sociais, SEPE, Departamento de Orientación Laboral, etc.
4. **Xustificar debidamente a axuda concedida**. As facturas e tickets serán entregados na data que figure na resolución. O gasto deberá ser realizado mes a mes. Non se aceptarán tickets de gasto realizados nun único mes polo importe total, excepto nos casos de pago de aluguer.

Así mesmo, acepta que no caso de incumplir o anteriormente exposto, non será posible a prórroga da axuda. Así como a penalización de voltar a solicitala por un período de 6 meses.

E para que conste, asina o presente, en Ribadavia a ____de _____ de 2025.

Asdo.: _____

Anexo III

Don/a _____ con DNI/NIE _____
endereço _____ teléfono _____
e número de Seguridade Social _____
correo electrónico _____

Como usuario ou usuaria do programa de Inserción Sociolaboral do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia, e a través do presente:

AUTORIZA

Ó Departamento de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia, a remitir os seus datos a todas aquelas ofertas de emprego, cursos de formación, empresas de traballo temporal, derivacións a outros programas e aqueloutros que consideren dende dito Departamento que poidan ser do seu interese, co fin de mellor a súa situación social, laboral e/ou formativa.

Asdo.:

En Ribadavia, a ____de _____ de 20____

INFORMACIÓN ADICIONAL:

- Carné de conducir
- Coche propio

Formación:

Experiencia:

Ámbitos de interese laboral e formativo:

De acordo co previsto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, “Lei de Protección de datos de carácter persoal” infórmase de que os datos incluídos nesta solicitude, serán tratados en ficheiros automatizados o no responsabilidade do Concello de Ribadavia, para a xestión de usuarios con acceso ós ficheiros con datos de carácter persoal. Así mesmo autoriza que estes datos poidan ser tratados pola empresa xestora do servizo.

O órgano responsable do fichero automatizado ou non é o Concello de Ribadavia (Praza Maior s/n 32400 Ribadavia), ante o que podra exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na citada Lei, adxuntado unha copia do seu DNI.

No caso de producirse algunha modificación dos seus datos rogamos que o comunique debidamente coa finalidade de manter os seus datos actualizados, todo elo, en virtude da Lei Orgánica 15/99 de Protección de Datos de Carácter Persoal.

CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE BAIXOS COMERCIAIS NO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA O Concello de Ribadavia, promove a dinamización do seu casco histórico mediante a activación de baixos comerciais baleiros. O obxectivo desta convocatoria é a selección de locais comerciais situados dentro da área delimitada para formar parte do programa, asegurando que cumpran os criterios de idoneidade e contribúan ao obxectivo global do proxecto.

2. DESTINATARIOS Poderán presentar solicitudes os propietarios de baixos comerciais sen actividade situados no ámbito territorial do proxecto piloto. Os solicitantes deberán ter capacidade legal para formalizar un contrato de arrendamento.

3. REQUISITOS DOS LOCAIS Os baixos comerciais deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Situarse dentro da área delimitada polo proxecto piloto no casco histórico de Ribadavia. (Ver Anexo IV)
- Estar en condicións de uso ou ser susceptibles de adaptación cun investimento razoable.
- Dispoñer de acometidas de servizos básicos (electricidade, auga, saneamento).
- Contar con escaparates ou fachadas visibles dende a rúa, no caso de optar ao uso como escaparate comercial.
- Adaptabilidade ao uso previsto (comercio, espazo de actividades, escaparate comercial).

4. MODALIDADES DE USO DOS LOCAIS Os propietarios poderán presentar candidatura a unha ou varias das seguintes modalidades de uso, en función das características do seu baixo comercial:

- **Local comercial:** Espazo destinado á venda de produtos e servizos, cunha superficie mínima de 40 m², escaparates adecuados e instalacións básicas.
- **Local activo:** Espazo orientado á realización de actividades como talleres, demostracións ou cursos. Debe contar cunha superficie mínima de 80 m² e boas condicións de accesibilidade.
- **Escaparate comercial:** Local onde só se aluga a fachada e os escaparates para a exhibición de produtos ou información sobre unha actividade. Debe ter unha fachada visible e en bo estado de conservación.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES Os interesados deberán presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Ribadavia ou a través da sede electrónica municipal, xunto coa seguinte documentación:

- Formulario de solicitude (Anexo I) debidamente cuberto.
- Copia do documento de propiedade ou documento acreditativo da capacidade legal para arrendar.
- Declaración responsable de non ter débedas co Concello nin coa Xunta de Galicia (Anexo II).
- Informe de idoneidade do local conforme aos criterios establecidos no proxecto "Vilas Vivas" (Anexo III).

6. CRITERIOS DE SELECCIÓN A selección dos locais realizarase en base aos seguintes criterios:

- **Ubicación** dentro da área delimitada do proxecto, con preferencia polos espazos situados en zonas de maior afluencia de visitantes e próximos a servizos de hostalería e atraccións turísticas. Poderá escollerse algún local fora do ámbito delimitado, pero nalgunha das rúas anexas ao mesmo, sempre que sexa un local de especial interese polas súas condicións e características.

- **Adecuación do local** ao tipo de actividade prevista no proxecto.
- **Estado de conservación** do inmovible: locais en bo estado terán prioridade sobre aqueles que requiran reformas de grande envergadura.
- **Superficie e distribución interna**, garantindo espazos funcionais para as actividades comerciais e de promoción do territorio.
- **Características arquitectónicas e históricas**, favorecendo a integración co contorno do casco histórico e respectando os valores patrimoniais.
- **Proposta de prezo de aluguer**, debendo ser razoable e adecuado ás expectativas do mercado local.
- **Capacidade de atracción do local**, avaliando a potencialidade de xeración de fluxo de visitantes e impacto no desenvolvemento do proxecto.

7. PRAZOS O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o mércores 19 de febreiro ás 14:00. Unha vez pechado, as solicitudes serán avaliadas e os propietarios recibirán comunicación sobre a súa inclusión no programa.

8. CONTACTO Para calquera consulta ou máis información, os interesados poderán dirixirse ao Concello de Ribadavia ben presencialmente, ou chamando por teléfono ao 988477100, de liuns a venres en horario de 8:30 a 14:30.

En Ribadavia, a 4 de febreiro de 2025.

César manuel Fernández Gil, Alcalde de Ribadavia

ANEXO I: FORMULARIO DE SOLICITUDE

1. DATOS DO PROPIETARIO:

- Nome e apelidos/Razón social:
- DNI/NIF:
- Teléfono:
- Correo electrónico:

2. DATOS DO LOCAL:

- Enderezo:
- Superficie total (m2):
- Instalacións dispoñibles:

3. MODALIDADE(S) DE USO DO LOCAL:

-

4. ESTADO DE CONSERVACIÓN:

-

5. PROPOSTA DE PREZO DE ALUGUER (€ / mes):

6. OBSERVACIÓN S ADICIONAIS:

7. DECLARACIÓN RESPONSABLE Declaro que son titular lexítimo do inmovible e que a información proporcionada é veraz. Asumo as condicións da convocatoria e comprométome a formalizar o arrendamento en caso de selección.

Data:

Sinatura: _____

ANEXO II: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

Eu, _____, con DNI/NIF _____, como propietario/a do inmovible situado en _____, declaro baixo a miña responsabilidade que:

- Non teño ningunha débeda pendente co Concello de Ribadavia.
- Non teño ningunha débeda pendente coa Xunta de Galicia.
- A documentación achegada é veraz e comprométome a informar de calquera cambio na situación do inmovible.

Asumo as consecuencias legais derivadas do incumprimento desta declaración.

Data:

Sinatura: _____

ANEXO III: INFORME DE IDONEIDADE DO LOCAL

1. DATOS DO LOCAL:

- Enderezo:
- Superficie total (m2):
- Modalidade(s) de uso proposta(s):
-

2. ESTADO DE CONSERVACIÓN:

-

3. INSTALACIÓNS DISPONIBLES:

-

4. OBSERVACIÓNS ADICIONAIS:

Data:

Sinatura: _____

ANEXO IV: PLANO DA ÁREA DELIMITADA

E sendo as dez horas e dez minutos a presidencia levanta a sesión.